


2020

## Calendario Literario

Diulle ó ser a dozura mariñeira  
I a cume do Mondigo azul vixía  
Onde tecen as fadas da neboeira  
Namorouno da estrofa largasía.  
Ispindo o curazón car'á senlleira  
Soedá dos fortes, n'il se ll'a acendía  
Ise arelar da roita ventureira  
Ofercida aos eleititos da armunía  
Galán de troba, pouco a abogadeira  
A ambizon o tentou ¡Tiña outra guía!  
Moralejo, prosaico da silveira  
Arredouno de nós. Hoxe maquía  
Lluitando no roquedo da canteira  
Obradoiros faiscantes de poesía.

OTERO PEDRAYO

Foto: María López



Equipos de  
Dinamización  
da Língua Galega

IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO



# Kaneiro

L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Mirei para ela cos ollos abertos. Na súa ollada cara a Carla pareceume ler unha ameaza, pero non podía ser. A Clark Kent sempre o enganaban e a experiencia dicía que a xente non se puña da miña parte. Fixo que algo desagradable estaba por acontecer.

–Mucha das Anzas –tendeume a man enorme.

–André Dopico.

–Tamén é o nome do teu lugar?

–Que??

–Dopico. Eu chámome Mucha das Anzas polas Anzas, a miña aldea en Ribadeo.

–Non... Dopico é o meu apelido...

María Reimóndez:  
*Fóra do normal.*



# Febreiro

L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	

O coche de Henrique Ferreiro levounos a el e mais a João á illa Pancha, na bocana da ría de Ribadeo, un illote con forma de medusa xigante e alongada, que estaba separada uns dez metros da beiramar, pero unida a ela por unha ponte estreita. O desprazamento foi doado porque deixara de chover. Cando pasaron a ponte para embarcar, non foron quen de reprimir as gargalladas. O portugués ría con certo pudor, pero Henrique non agochou a graza que lle facía verme.

*S. Jaureguizar:  
A rutina corsaria.*





# Marzo

L M Me X V S D

2 3 4 5 6 7 8

9 10 11 12 13 14 15

16 17 18 19 20 21 22

23 24 25 26 27 28 29  
30 31

“Prenderon o fillo de Don Rodrigo”, exclamaba a xente rúa de Ares Ares abaixo cara a Porcillán. A señora Cilla, unha viúva de Cabanela que lles alborexaba o día aos mariñeiros, viu como o capitán Ojea saía con Xoán da casa dos Lourido, entraban pola porta da Cova da Vella, e levábao preso rúa Grande arriba para, deixando atrás a Porta da Vila, dirixirse ao convento de San Francisco, onde o agardaba o inquisidor, D. Diego de Castrillón de Varona y Sante, vido de Mondoñedo. Tras un breve interrogatorio inicial, sería conducido ó cárcere, na Torre Xulia da Fortaleza.

Farruco Graña:  
*O soño de Xoán.*



PORCILLÁN. Amaia López

# Abril

L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

A fermosa paisaxe rural, o gando salferindo de cores ocres as campiñas e mesmo as primeiras transformacións que a natureza nas árbores que custodiaban o Pazo de Cedofeita, pasaban inadvertidos para min. O meu alento só se correspondía cos grises das nubes que, de novo, tinxiron o ceo con ameazas de choivas e tormentas nun traizoeiro espectáculo primaveral.

*Fina Casalderrey:  
Lúas de nácara.*





# Maio

L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31


RIBADEO, RIBADEO...

Eu era aquela nena que medraba  
na Mariña Lucense  
ó leste dun edén  
no espazo extremo das fisterras:

Era un espazo aberto xusto na nordesía  
da sedución da luz

E sería no exilio, a través das estrelas  
a imaxe dunha patria  
naquela soidade adolescente  
confundida na guerra

Luz Pozo:  
*Poesía dispersa.*



IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO

Concello de  
**Ribadeo**



RIBADEO. Izadora Cardoso

# *Kuño*

L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

OVE

Na cunca do val o nunca é para sempre.  
O Inverno reborda un eco antigo e sen  
fin, onde acaba o teu corpo e comeza  
o día que nos leva até este día. A noite  
apágase diante nosa anégase no teu  
corpo. Non sabes que existes, ollas,  
esplendes inmaculado o atónito azul.

Cesáreo Sánchez:  
*Evadne. A escrita da luz.*





# Kullo

L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Aquí en Augas Santas sabemos que a auga é máis forte que a rocha e que o amor é máis forte que a violencia. A miña colección de pedras en forma de corazón traídas polo mar lémbrañolo sempre.

*Carmen Blanco:  
Atracción total.*





AUGAS SANTAS. Aicha Rajouani

# Agosto

L M Me X V S D

1 2

3 4 5 6 7 8 9

10 11 12 13 14 15 16

17 18 19 20 21 22 23

24 25 26 27 28 29 30  
31

Pola congostra abaixo  
pasa o gaitero,  
e unha cinta amarela  
pinta no vento.

Reiseñores e xilgaros,  
rulas e merlos,  
apóusanse na cinta  
e o sol no medio.

Pola congostra enriba  
sobe o gaitero:  
estrelas van caendo  
por Ribadeo.

Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez



SANTA CRUZ. Amaia López

# Setembro

L	M	Me	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

## ANTONIO REIMUNDO IBÁÑEZ DESCRIBE A TERRA

E dixo Ibáñez: Hai na terra veas  
de escuro mineral que nos agarda,  
espaciosa abundancia doce e parda  
que espera forxas, moldes, panaceas.  
E dixo Ibáñez: Hai na terra reas  
de ferramentas que Vulcano garda,  
e é necesario que a fogueira arda  
pra xebrarmos da terra vis areas.  
E dixo Ibáñez: Minas hai de terra  
que serve ós homes pra facer a xerra  
na que gardar o noso viño doce;  
é necesario, pois, que o forno quente,  
porque terá máis gloria toda a xente  
polas cousas que o forno forxa e coce.

Darío Xohán Cabana:  
*Vinte cadernos (poemas 1969-2002).*





# Outubro

L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

- Según tirándolle da lingua, e el...

-Cando Don Pedro tiña catorce ou quince anos, embarcou en Rinlo nun barco de pesca, aló polo ano quince, cando a primeira guerra europea. O barco naufragou a dez leguas da costa. Máis recolleu os náufragos un barco de guerra inglés, que os levou a Lisboa. Mais o Pedro Golpe chegou á Cidade do Cabo. El mesmo me contou que fora garda xurado nas minas de diamantes de non sei...

Ánxel Fole:  
*Historias que ninguén cre.*





# Novembro

L M Me X V S D

2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23 30	24	25	26	27	28	29

Treme a motora de Porcillán: aínda espera. Alí florece toda escoura, todo areal asoma. Pouso a mao nun lombo translúcido e unha leiteira pedalea, branca. Quen te persegue, nai, quen pisa fiúncho polas rúas moradas? Leo no vento, aprendo a ver, cego en ouro de lenda. Escoito unha voz... Xoaquinina: tic-tac, tic-tac... Nidia serenata. Deixei o voso reino, mais, no Entroido poñede a miña máscara. Sobre as feridas, un pano de recibir. Quen ben te abría, Pena Furada.

*X. Baixeras:  
Luz extinta.*



PENA FURADA. Xiana Suárez

# Decembro

L	M	Me	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Aquela era noite de choiva furiosa e de ventos carraxentos. O Banco das Mentiras estaba húmido e solitario. Seguro que os seus asiduos paraban no bar Marinero. Achegueime ata alí. Calquei no cristal ambariano da porta para acceder a aquela oficina de libre contratación.

S. Jaureguizar:  
*A rutina corsaria.*



BANCO DAS MENTIRAS. Xiana Suárez





IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO

Concello de  
Ribadeo 